1.- A Idade Media.

É o período que vai dende a **caída do Imperio romano no ano 476 d. C.** no **século V** ata o **descubrimento de América no 1492, século XV**.

Para o seu estudo acostúmase a dividila en dúas partes, a **Alta** e a **Baixa Idade Media**.

① A **Alta Idade Media** vai **do século V ao XII** onde os pobos vivían da **agricultura** e a **gandería**, os nobres eran os donos das terras onde traballaban os campesiños. A esta organización social coñéceselle co nome de **feudalismo**.



② A **Baixa Idade Media**, do **século XII ao XV**, onde se empeza a desenvolver o **comercio** e aparecen **grandes cidades** ás que se chamaron **burgos**. Nelas apareceu unha nova clase social, a **burguesía**.

2.- A caída do Imperio romano.

A decadencia que empezou a ter o Imperio romano a partir do século III fixo que **pobos xermánicos** procedentes do centro e o norte de Europa, aos que os romanos lles chamaron **bárbaros** (bárbaro en latín era estranxeiro) entrasen neste imperio, unhas veces establecendo pactos cos romanos e outras pelexando con eles.



Para a protección do Imperio, o emperador Teodosio I dividiuno en dúas partes, o **Imperio romano de Occidente** e **o de Oriente**, con isto conseguiu resistir case un século máis ás invasións xermánicas pero, **no ano 476 d. C. os xermanos tomaron Roma** e destronaron a Rómulo Augústulo sendo **a fin do Imperio romano de Occidente**.

3.- Suevos e visigodos.

A principios dos anos 400 a península Ibérica foi invadida por catro **pobos xermánicos**: os **suevos**, **vándalos**, **alanos** e **visigodos**. Destes catro pobos so os suevos e os visigodos crearon reinos. Os **suevos** estableceron a súa capital en **Braga** (cidade no norte de Portugal) mentres que os **visigodos** o facían na actual **Toledo**. No norte, tras a desaparición do imperio romano, **cántabros** e **vascóns** non formaron ningún reino e resistiron a suevos e visigodos.

Os visigodos mantiveron as cinco provincias dos romanos e foron conquistando toda a península Ibérica. Un dos seus reis, **Leovixildo**, conquistou o reino suevo e pacificou a cántabros e vascóns. No seu afán de unificar o reino de Toledo elaboraron leis comúns para visigodos e hispanoromanos e adoptaron o **catolicismo**; pero houbo frecuentes guerras civís debidas a que os reis non pertencían a una determinada familia senón que eran elixidos. Estas guerras fixeron que as antigas cidades fundadas polo romanos se foran despoboando aumentando a importancia do medio rural e as súas principais actividades, a **gandería** e a **agricultura**. Cultivaban principalmente cereais, vide, hortaliza e leguminosas e introduciron as espinacas e as alcachofas.

Coroa de Recesvinto
Recesvinto foi un dos reis visigodos que creou un copo común de leis para hispanoromanos e visigodos.

En canto á sociedade, había grandes diferenzas, a **nobreza**, que era minoritaria, era a **dona das terras** que eran traballadas polos campesiños. Co empobrecemento da poboación o **comercio** era **escaso** co que había menos artesáns aínda que foi famosa a **xoiería visigoda** que confeccionaba crucifixos e coroas que logo estaban nas igrexas de pedra que construíron. Estas igrexas caracterizábanse polos **arcos de ferradura** e polas poucas e **pequenas fiestras** que tiñan.

*Igrexa visigoda de **Santa Comba de Bande** da segunda metade do século VII. Na foto obsérvase o arco de ferradura.*

4.- Al-Ándalus.

No 711 había dous bandos que loitaban polo poder no reino visigodo. Un dos bandos pediu axuda ao **califato**, un imperio musulmán que ocupaba dende a India ata o norte de África. Os musulmáns, xa na península, acabaron co reino de Toledo e ao territorio ocupado chamáronlle **Al-Ándalus**.

Ao principio Al-Ándalus era un **emirato** que dependía do califato con capital en Damasco pero no 929 o emir Abderramán III converteuno nun reino política e relixiosamente independente ao que se lle chamou **califato de Córdoba**. Chegando, neste momento, a ser Córdoba unha das cidades máis importantes do mundo cuns 100 000 habitantes, nela creáronse escolas e bibliotecas que atraeron a sabios de todo o mundo.

As cidades eran amuralladas e con estreitas e irregulares rúas. A parte principal era a **medina** onde se atopaban os edificios importantes como a **mesquita maior**. Nelas vivían artesáns e comerciantes que vendían os seus produtos nun mercado ao que chamaban **zoco**. Rodeando á cidade, no **arrabalde**, atopábanse os campos de cultivo. Os musulmáns introduciron o arroz e estenderon os **cultivos de regadío** construíndo **noras** e **canles**.



Alhambra de Granada

Empregaban **materiais** de construción **pobres** e **pouco duradeiros** como o ladrillo ou o xiz pero recubrían as paredes con **moita decoración** para dar aspecto de riqueza. Os edificios tiñan **moitas columnas** sobre as que facían **arcos de distintos tipos** (media circunferencia, apuntados, con forma de ferradura...) e en case que todas as construcións estaba presente a **auga** en fontes, fervenzas, estanques. Unhas das construcións máis emblemática desta época son a Alhambra de Granda e a Mesquita de Córdoba. **Mesquita de Córdoba.** Preto de Córdoba atópanse tamén os restos do que fora un luxoso palacio chamado **Medina Azahara**.

Medina Azahara

Mesquita de Córdoba

Dende o século X, Al-Ándalus convértese nun centro cultural moi importante en cuxas cidades viven importantes matemáticos, filósofos, médicos, escritores, astrónomos... como **Averroes** ou **Malmónides**.

En Al-Ándalus conviviron **tres relixións**:

① **Os musulmáns**, descendentes dos primeiros que chegaran á península, eran o grupo máis **poderoso** e os **propietarios** das mellores terras; así como os visigodos que se converteran ao islamismo aos que se lles chamabá **muladís**.

② **Os cristiáns**, chamados **mozárabes**.

③ **Os xudeus**, vivían en comunidades e adicábanse sobre todo ao comercio.

Os habitantes do Al-Ándalus, os **andalusís**, loitaron contra os reinos cristiáns que aparecían no norte. Estes enfrontamentos, unidos a disputas internas dentro do califato provocou que o califato de Córdoba, no ano 1031 se descompuxese en pequenos reinos chamados **reinos de taifas**.

5.- Os primeiros reinos cristiáns e a Reconquista.

Os musulmáns non chegaron a conquistar parte do norte da península que foi onde empezaron a xurdir os primeiros reinos cristiáns. O primeiro foi, no ano 722, o **reino de Asturias** que dous séculos despois no 910 deu paso ao **reino de León**. No 1035 apareceu o de Castela que no século XIII uniuse ao de León formando a **Coroa de Castela**. Na zona dos Pireneos creáronse o **reino de Pamplona**, os **condados cataláns** e o **condado de Aragón**, estes dous últimos uníronse no século XII para formar a **Coroa de Aragón**.

Ata o século XI os reis cristiáns tiñan que pagar tributos aos califas cordobeses xa que Al-Ándalus era moi poderoso pero a caída do Califato fixo que os reis cristiáns fosen conquistando novos territorios polo que os reis de taifas empezaron a pagar tributos aos reis cristiáns, con isto crearon exércitos e comenzaron a súa expansión ata os ríos Texo e Ebro.

Aínda que os andalusís recibiron axuda de pobos musulmáns do norte de Africa, como os almorábides e os almohades, non puideron evitar a expansión dos cristiáns e xa no XIII gran parte de Al-Ándalus estaba conquistada quedando reducido ao **reino nazarí de Granada**. Durante estas loitas consolidáronse catro grandes reinos cristiáns: a **Coroa de Castela**, o **reino de Navarra**, a **Coroa de Aragón** e mais o **reino de Portugal**.

Nos **reinos cristiáns** había dous grandes grupos de cidadáns: os **privilexiados** e **os non** privilexiados.

① **Os privilexiados**: eran os **nobres** e o **clero**, **non pagaban impostos**. Os nobres, que vivían en castelos, debían de defender ao clero e a**os non** privilexiados e debían fidelidade aos reis. O rei, a cambio, cedíalles unha parte do territorio, os **feudos**, nestes territorio**s gob**ernaban, impartían xustiza e cobraban impostos. Os clérigos adic**aban a** súa vida a servir a Deus e a rezar polos nobres e as clases non privil**exiadas,** os monxes e monxas vivían nos mosteiros e os sacerdotes e **bispos atend**ían as igrexas.

② **Os non privilexiados**: obrigados a pagar impostos. Os **campesiños**, que vivían en aldeas preto do castelo do señor cuxas terras traballaban, os **artesáns** e os **comerciantes**, eran os que formaban parte deste grupo.



No **século XII** medra o número de cidades, normalmente estaban rodeadas por unha **muralla** cuxas portas se pechaban pola noite para evitar ataques. Nas cidades vivían os artesáns e os comerciantes. Os artesáns do mesmo oficio agrupábanse en **gremios** e era moi frecuente que se situasen os do mesmo

gremio na mesma rúa. As cidades estaban organizadas en **barrios** e había unha **praza** onde os comerciantes vendían o seu produto. Nalgunhas facíanse **feiras** nas que había produtos doutros lugares. Nesta época constrúense tamén **catedrais** como a de Santiago de Compostela ou a de León e créanse **universidades** como a de Salamanca.

Miniatura das "Cantigas de Santa María" que mostra a Alfonso X dictando.

No **século XIII** durante o reinado de **Afonso X o Sabio** crea a **Escola de Tradutores de Toledo** na que traballaban especialistas das tres relixións. Grazas ao seu traballo moitas obras gregas, latinas e orientais que coñecían os musulmáns puideron ser coñecidas e empregadas nas universidades españolas e europeas.

Durante o reinado dos **Reis Católicos**, xa no **século XV**, prodúcese a unidade relixiosa de todo o reino tomando medidas en contra de xudeus e musulmáns, en 1478 creáse o **Tribunal da Inquisición** que perseguiu aos herexes e obrigou aos seguidores das outras relixións a bautizarse ou a fuxir de España.

6.- A arte.

Nesta época predominaron os seguintes tipos:





① **O románico**: predominou nos **séculos XI e XII**, e foi introducido na península polo **Camiño de Santiago** no que viñan peregrinos de toda Europa. Construíronse numerosas igrexas, mosteiros e catedrais cunhas **características** comúns:

Non tiñan gran altura e empregaban a **pedra** facendo **muros grosos** con **poucas ventás**, por iso o interior era escuro.

Nos interiores facían **arcos de medio punto** (ou de media circunferencia) e **bóvedas de canón** para as cubertas.

Decoraban as fachadas con esculturas e gravados relixiosos e os interiores con pinturas que representaban as sagradas escrituras.

② **O gótico:** propio dos **séculos XIII, XIV e XV** trouxo importantes cambios como: **Aumentou a altura** das edificacións e os seus muros eran menos grosos con **grandes ventás** nas que puñan **vidreiras**, isto dáballe unha maior luminosidade ao seu interior. Os **arcos** que empregaban eran **apuntados** e para as cubertas empregaban **bóvedas de crucería**. Nas fachadas había grandes vidreiras circulares chamadas **rosetóns**.

7.- A Idade Media en Galicia.



No ano 409 os **suevos** asentáronse na provincia romana chamada Gallaecia e creaon un reino. Basicamente adicábanse á cultivar a terra como campesiños libres aínda que había unha pequena clase nobre propietaria de moitas terras. No ano 585 este reino foi conquistado polos visigodos.

Sobre o ano **825** descóbrense os **restos do apóstolo Santiago en Compostela**.
A presenza dos musulmáns en Galicia foi moi breve, despois Galicia estivo integrada nos **reinos de Asturias** e de **León** aínda que, en períodos de poucos anos tivo reis propios. No 910 **Ordoño II** foi nomeado rei de Galicia, anos despois tamén foi nomeado rei de León trasladando a corte a esa cidade. Desde ese momento o **reino de Galicia** pasa a estar baixo o rei de Léon e posteriormente baixo os de Castela.

Sobre o **1075** empézase a **construción da actual catedral** en Santiago por orden do bispo **Diego Xelmírez** para acoller aos peregrinos que chegaban a Compostela procedentes de toda Europa polo **camiño de Santiago**. Santiago converteuse así nun centro de peregrinación e cultural importante, producíndose un importante desenvolvemento na artesanía, o comercio e a agricultura.

No **1090** o reino de Galicia é dividido administrativamente en **dous condados**, tendo como referencia o **río Miño**, aparecen así os condados **de Galicia** e **Portugal**.

No ano **1211 rematous**e a construción da **catedral de Santiago**. Durante moito tempo foi o templo máis grande dos reinos cristiáns da península. A fachada das Praterías e o Pórtico da Gloria son as partes mellor conservadas da construción orixinal de estilo románico.

Torres de Catoira *Construídas no século IX formaban parte dun castelo chamado Castellum Honesti que servía para defender a desembocadura do río Ulla dos piratas normandos. Foron destruídas polos irmandiños na segunda guerra no 1467*

Nos séculos XIV e XV o forte crecemento das cidades permite a consolidación de grupos de comerciantes e artesáns que se enfrontan en diversas ocasións con nobres e bispos polo goberno das cidades, **no XV** prodúcese un conflito social, o **movemento irmandiño**, este movemento estaba integrado por membros da baixa nobreza, campesiños e burgueses e loitaron en dúas guerras contra os señores que exercían un poder abusivo.

En canto á arte, **a maior parte** das igrexas e mosteiros galegos son de estilo **románico**, decorábanse con esculturas e pinturas de escenas relixiosas coa intención de ensinar relixión a xente xa que case ninguén sabía ler. En canto ao **gótico**, non tivo tanta importancia aínda que podemos observalo nas ruínas de Santo Domingo en Pontevedra, a igrexa da Santísima Trinidad en Ourense.

JOSÉ MANUEL BOUZÁN MATANZA